



HILARY DUFF



O seu nome vén do latín "hilaria", que significa "alegre", adxectivo que lle vai moi ben a esta artista.

Ten unha irmá que se chama Haylie, á que quere moito.

O aniversario de Hil é o 28 de setembro, pero polo de agora ten 18 anos. O seu número da sorte é o 8 e o seu signo é libra.

Ela é moi guapa, ten o pelo louro e largo. Os seus ollos son marróns clariños, moi bonitos, e sempre os ten maquillados. Todos os días leva xoias postas, e os labios pintados de rosa claro. A súa pel é branca, pero na cara ten coloretos rosados, que por certo lle quedan moi ben coa roupa desta cor, que é a súa preferida. Aínda que ela pon todo tipo de roupa, porque todo lle senta ben. Con respecto ao calzado, di que lle encanta levar tacóns porque lle estiliza a figura.

Gústalle organizar sorpresas, canto máis inesperadas mellor, tamén facer bromas, (sempre que sexan inofensivas), pero ás veces ela cae porque é moi inocente e

é moi fácil que pique.

O seu tipo de rapaz di que ten que ser sobre todo divertido, comprensivo, encantador e ademais sinxelo.

As súas afeccións son saír de compras, probar novos sabores como o "sushi", ir aos concertos como unha fan máis cos seus amigos e ver pelis na casa, acurrucada no sofá.

Aínda que lle gustan moitas cousas, tamén ten as súas manías, como por exemplo os rapaces cridos, os deportes (cousa que os seus amigos lle replican) aínda que fai ximnasia na casa, baila e entrénase nunha cama elástica para manterse en forma. Tampouco lle gusta a comida vexetariana, bailar música tecno na disco e os avións, porque asústase moito cando hai turbulencias, e a comida segundo ela é moi mala. Isto é o que peor leva do seu traballo, porque aínda que lle encanta viaxar di que "oxalá puidese teletransportarme".

Hai un tempo matriculouse na universidade de Harvard, porque lle facía ilusión ser como calquera rapaza da súa idade, aínda que o curso será un pouco especial porque no seu caso, matriculouse para seguir tódalas clases por internet, de forma que os profesores gravan as súas clases, póñenas na web e logo podes velas desde calquera sitio. Logo, preséntaste aos exames.

En fin, aínda sendo actriz e cantante, é estudante. Ademais faino todo de marabilla, polo menos as dúas primeiras profesións. Esta artista de fama internacional é magnífica!

Laura Ayude Puga, S3ºB

LUCIE SILVAS

Esta moza británica chegou este ano por primeira vez a España e actuou en Operación Triunfo xunto con Antonio Orozco, xuntos tiveron un éxito increíble.

Esta rapaza desenvolveu moi axiña a súa paixón pola música, xa que, con cinco anos xa sabía tocar o piano con só escoitalo. Cinco anos máis tarde compuxo a súa primeira canción, e aos dezoito foise de xira cunha banda coa que tocaba.

Para ela, este ano foi o seu verdadeiro debut grazas ao seu álbum "Breath in" que acaba de chegar a España, e xa é coñecido en toda Europa.

Esta rapaciña, antes de triunfar nos escenarios, xa compuxera outras moitas cancións para outros artistas.

A cantante xa está escribindo as novas cancións para o seu novo disco, que sairá á venda a finais deste ano.

**Iria Arias Pintor, S4A
Olalla Vázquez Varela**

